

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN

13664 *Real decreto 1300/2009, do 31 de xullo, de medidas urxentes de emprego destinadas aos traballadores autónomos e ás cooperativas e sociedades laborais.*

A crise económica en España produciu unha caída da actividade xeneralizada e, en consecuencia, un aumento importante do desemprego nos últimos meses. Os efectos prodúcense no mercado de traballo como tal, pero os datos de afiliación e ocupación demostran que esta crise afecta de igual modo os sectores de traballo independente, é dicir, o traballo autónomo. Este colectivo ten unha especial importancia no desenvolvemento da economía española. As dificultades, polo tanto, nos sectores onde se exerce a actividade por conta propia, son merecentes de especial atención e requiren, ao igual que no caso dos traballadores asalariados, de medidas urxentes de impacto que no ámbito das competencias de emprego se poidan articular ao respecto.

Neste mesmo sentido, é conveniente propiciar o emprego estable en cooperativas e sociedades laborais, favorecendo a incorporación dos traballadores á condición de socios traballadores nas ditas empresas participadas e mellorando con iso a súa capitalización e a estabilidade dos empregos.

En primeiro lugar, como medida urxente destinada a impulsar o emprego para os traballadores autónomos e cooperativas e sociedades laborais mellóranse certas condicións de acceso e de aboamento da prestación por desemprego na súa modalidade de pagamento único durante o período de vixencia do real decreto.

Por unha parte, cabe destacar que na maioría das empresas creadas polos traballadores, é dicir, cooperativas e sociedades laborais, contaron para a súa creación e crecemento de forma preeminente co capital procedente da medida de aboamento da prestación por desemprego na súa modalidade de pagamento único, que levan a cabo os desempregados e os traballadores asalariados que adquiren a condición de socios traballadores das ditas empresas. A actual limitación temporal que recae sobre os traballadores asalariados para poder utilizar esta medida de fomento de emprego, segundo a cal a súa relación contractual coa cooperativa ou sociedade laboral non pode exceder os 24 meses, supón na actual conxuntura económica unha limitación para que estes traballadores accedan á condición de socio traballador da empresa e por medio do aboamento da prestación na súa modalidade de pagamento único poidan financiar a súa achega ao capital social de cooperativas e sociedades laborais, mellorando os recursos propios destas e adquirindo un maior compromiso co proxecto empresarial. Por iso, nunha situación de crise económica como a actual, superar esa limitación temporal do vínculo contractual previo comportaría dotar de maiores posibilidades de viabilidade e reforzo no emprego as cooperativas e sociedades laborais.

Por outra parte, como consecuencia da moción parlamentaria que aproba o Plan de rescate para os traballadores autónomos, e das medidas acordadas na Mesa do Traballo Autónomo, formada polo Goberno e os representantes de varias asociacións de traballadores autónomos, dáse forma ao aumento da porcentaxe de capitalización da prestación por desemprego para os colectivos de mozos, co fin de aumentar as posibilidades de que os traballadores desempregados de ata 30 anos e mulleres de ata 35 se poidan converter en traballadores autónomos, facendo uso para estes efectos da habilitación conferida ao Goberno no número 2 da disposición transitoria cuarta da Lei 45/2002, do 12 de decembro, de medidas urxentes para a reforma do sistema de protección por desemprego e mellora da ocupabilidade.

Estas medidas de mellora das condicións de acceso e de aboamento da prestación por desemprego na súa modalidade de pagamento único terán un carácter temporal, ata o 31 de decembro de 2010, sen prexuízo de que o Goberno poida prorrogar a medida, en función da avaliación en termos de eficacia na creación de emprego e tendo en conta o

criterio das organizacións sindicais e empresariais máis representativas, das asociacións de autónomos e das organizacións da economía social.

Tamén, en virtude da moción que aproba o Plan de rescate para os traballadores autónomos, do acordo da Mesa do Traballo Autónomo, e de conformidade coa disposición derradeira segunda da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, e de acordo coa referida moción, o Congreso dos Deputados insta o Goberno a impulsar a aplicación das bonificacións previstas na Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, ás contratacións que realicen os traballadores autónomos, así como a creación dunha bonificación do 50 por cento das cotas sociais durante 24 meses para o primeiro asalariado con contrato indefinido do autónomo. En cumprimento do dito mandato, recóllese unha medida innovadora que ten por obxecto incentivar o traballador autónomo na súa primeira contratación indefinida do traballador por conta allea que teña o carácter de desempregado desde a entrada en vigor do real decreto, sempre que non tivese traballadores asalariados durante os tres meses anteriores a esta contratación, coa bonificación do 50 por cento da cota empresarial de contingencias comúns de Seguranza Social, de forma que esta medida se complementa coa medida prevista no Real decreto lei 2/2009, do 6 de marzo, de medidas urxentes para o mantemento e o fomento do emprego e a protección das persoas desempregadas, que bonifica as contratacións indefinidas de desempregados con prestación superior a tres meses por parte dos empregadores coa bonificación do 100 por cento da cota empresarial de contingencias comúns de Seguranza Social.

Por outro lado, modifícanse certos aspectos da amortización das débedas das cooperativas e sociedades laborais ao Fondo de Garantía Salarial. Os números cinco e seis do artigo 2 do Real decreto 505/1985, do 6 de marzo, polo Real decreto 372/2001, do 6 de abril, e a disposición adicional décimo primeira da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, regulan os requisitos para a exención do pagamento das débedas por prestacións aboadas polo Fondo de Garantía Salarial a traballadores que posteriormente constituían unha sociedade laboral ou unha sociedade cooperativa de traballo asociado. Porén, ao aplicar esas normas faise evidente a falta de coherencia entre elas, debido a que os requisitos establecidos para a exención das cantidades pendentes de vencer en 8 de abril de 2001 (data de entrada en vigor do citado Real decreto 372/2001, do 6 de abril) dos convenios de recuperación asinados coas sociedades laborais ou cooperativas referidas son máis gravosos que os requisitos establecidos na citada Lei 43/2006, que se aplica ás cantidades derivadas de convenios de recuperación cuxo prazo de vencemento fose anterior ao 8 de abril de 2001. Á luz de todos os antecedentes, enténdese oportuno modificar o Real decreto 505/1985, do 6 de marzo, e o propio Real decreto 372/2001, do 6 de abril, en canto a unificar e facer máis coherente o réxime que regula os requisitos desta exención.

Finalmente, o artigo 228.2 do texto refundido da Lei xeral da Seguranza Social establece que: «O pagamento da prestación –por desemprego– será efectuado pola entidade xestora... nos supostos e nas condicións que regulamentariamente se determinen».

Ante o importante incremento de expedientes de regulación de emprego en que se solicitan suspensións temporais de contratos de traballo en relación coas prestacións por desemprego, cómpre introducir unha disposición derradeira para establecer o coeficiente multiplicador aplicable cando os períodos de suspensión se refiren só a días laborables. Iso por seguranza xurídica e para simplificar e axilizar a xestión das prestacións.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Inmigración, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 31 de xullo de 2009,

DISPOÑO:

Artigo 1. Aboamento da prestación por desemprego na súa modalidade de pagamento único.

En uso da habilitación conferida no número 2 da disposición transitoria cuarta da Lei 45/2002, do 12 de decembro, de medidas urxentes para a reforma do sistema de protección

por desemprego e mellora da ocupabilidade, establécese que as solicitudes de aboamento da prestación por desemprego na súa modalidade de pagamento único que se formulen entre a data de entrada en vigor deste real decreto e o 31 de decembro de 2010 se rexerán polo disposto no número 1 da citada disposición coas seguintes particularidades:

a) Poderanse acoller ao disposto na regra 1.^a, parágrafo 1, os beneficiarios de prestacións por desemprego cando se pretendan incorporar, de forma estable, como socios traballadores ou de traballo en cooperativas ou en sociedades laborais, aínda que mantivesen un vínculo contractual previo coas ditas sociedades, independentemente da súa duración.

b) A porcentaxe a que se refire a regra 3.^a, parágrafo 2.^o, terá un límite máximo do 80 por cento cando os beneficiarios sexan homes novos de ata 30 anos de idade ou mulleres novas de ata 35 anos, ambos inclusive, considerando a idade na data da solicitude.

Artigo 2. Bonificación pola contratación indefinida do primeiro asalariado do traballador autónomo.

1. O traballador autónomo que, desde a entrada en vigor deste real decreto e ata o 31 de decembro de 2009, contrate indefinidamente un desempregado que constituía o seu primeiro traballador asalariado, e non estea no ámbito de aplicación das bonificacións pola contratación indefinida de traballadores beneficiarios das prestacións por desemprego establecidas no artigo 5.1 do Real decreto lei 2/2009, do 6 de marzo, de medidas urxentes para o mantemento e o fomento do emprego e a protección das persoas desempregadas, terá dereito, sempre que non tivese traballadores asalariados durante os tres meses anteriores a esta contratación, a unha bonificación do 50 por cento na cota empresarial á Seguranza Social por contingencias comúns, por un período máximo de 24 meses de duración.

2. O traballador autónomo beneficiario deberá manter a estabilidade no emprego do seu primeiro traballador asalariado durante, polo menos, os 24 meses desde a data de inicio da relación laboral; en caso de incumprimento desta obriga procederáse ao reintegro das bonificacións aplicadas, sen prexuízo da aplicación do establecido na Lei de infraccións e sancións na orde social, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

Non se considerará incumprida esta obriga cando o contrato de traballo se extinga por despedimento disciplinario declarado ou recoñecido como procedente, por dimisión, morte, xubilación ou incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez do traballador.

3. A bonificación a que se refire este artigo será incompatible con calquera outra prevista para a mesma finalidade. No caso de que a contratación dun traballador puidese dar lugar simultaneamente á aplicación doutras bonificacións, só se poderá aplicar unha delas; a opción corresponderalle ao beneficiario no momento de formalizar a alta do traballador na Seguranza Social.

4. Os contratos a que se refire este artigo formalizaranse no modelo oficial que facilite o Servizo Público de Emprego Estatal.

5. No non establecido neste artigo serán de aplicación as previsións contidas no Programa de Fomento de Emprego recollido na sección 1.^a do capítulo I da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego.

6. O Servizo Público de Emprego Estatal levará a cabo un seguimento trimestral da bonificación establecida neste artigo, para garantir que se cumpren os seus requisitos e finalidade.

7. Esta bonificación de cotas da Seguranza Social aplicarase polos traballadores autónomos con carácter automático nos correspondentes documentos de cotización, sen prexuízo do seu control e revisión pola Inspección de Traballo e Seguranza Social, pola Tesouraría Xeral da Seguranza Social e polo Servizo Público de Emprego Estatal.

Disposición adicional primeira. *Evolución da medida de aboamento da prestación por desemprego na súa modalidade de pagamento único.*

O Goberno analizará a aplicación do artigo 1 deste real decreto, con obxecto de analizar a procedencia de prorrogar as medidas contidas na letra a) e na letra b) do dito artigo a partir do 1 de xaneiro de 2011, ampliando a súa vixencia en función da súa capacidade para xerar emprego de forma significativa e da súa eficiencia, logo de consulta coas organizacións sindicais e empresariais máis representativas, asociacións de autónomos e organizacións da economía social afectadas.

Disposición adicional segunda. *Financiamento das bonificacións nas cotizacións á Seguranza Social.*

As bonificacións na cotización empresarial á Seguranza Social, previstas neste real decreto, financiaranse con cargo á correspondente partida orzamentaria do Servizo Público de Emprego Estatal.

Disposición transitoria única. *Contratos anteriores ao momento de entrada en vigor deste real decreto.*

Os contratos de traballo, así como as bonificacións aplicables a eles, que se celebren antes da entrada en vigor deste real decreto continuarán rexendo pola normativa vixente no momento da súa concertación.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 505/1985, do 6 de marzo, sobre organización e funcionamento do Fondo de Garantía Salarial.*

Os números 5 e 6 do artigo 2 do Real decreto 505/1985, do 6 de marzo, sobre organización e funcionamento do Fondo de Garantía Salarial, quedan redactados como segue:

«5. Malia o anterior, cando os beneficiarios das prestacións do Fondo de Garantía Salarial fosen traballadores que, tras cesaren na empresa en que prestaban servizos, constituían unha sociedade laboral, unha cooperativa de traballo asociado ou outro tipo de cooperativa, a cuxos socios traballadores lles sexan de aplicación as normas establecidas para os socios traballadores das mencionadas cooperativas de traballo asociado, non procederá a devolución das prestacións recibidas sempre que o importe das débedas derivadas destas fose integramente entregado á sociedade ou cooperativa constituída, como capital social.»

«6. Se a sociedade, por calquera causa, perde a súa cualificación de laboral nun prazo de quince anos contado desde a súa constitución, deberá restituír ao Fondo de Garantía Salarial as cantidades que lles foron aboadas polo dito organismo aos seus socios traballadores en concepto de salarios ou indemnizacións debidas pola empresa precedente.

Isto mesmo será de aplicación se no dito prazo causa baixa como socio da sociedade laboral ou cooperativa das referidas no número anterior calquera dos socios traballadores que percibisen as prestacións do Fondo de Garantía Salarial e que foron achegadas á constitución da propia sociedade laboral ou cooperativa, en canto á parte correspondente ao socio que causa baixa, salvo que a baixa se producise por causas alleas á autonomía da vontade das partes, como o falecemento, incapacidade permanente ou a xubilación do socio traballador e sempre que non supoña a diminución do nivel de emprego que tiña a sociedade na data da súa constitución.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 372/2001, do 6 de abril, polo que se modifica o Real decreto 505/1985, do 6 de marzo, sobre organización e funcionamento do Fondo de Garantía Salarial.*

A disposición transitoria única do Real decreto 372/2001, do 6 de abril, polo que se modifica o Real decreto 505/1985, do 6 de marzo, sobre organización e funcionamento do Fondo de Garantía Salarial, queda redactada como segue:

«O disposto nos números cinco e seis do artigo 2 do Real decreto 505/1985, do 6 de marzo, será de aplicación aos convenios de recuperación asinados entre o Fondo de Garantía Salarial e as sociedades laborais ou cooperativas referidas no mencionado número cinco, existentes no momento da entrada en vigor deste Real decreto 372/2001, do 6 de abril, respecto ás cantidades pendentes de vencer na data da súa entrada en vigor, sempre que acrediten que o importe do principal pendente de vencer se achegou, por calquera medio, como capital social a estas e que mantiveron a súa cualificación laboral durante o prazo establecido no citado número seis.

Esta disposición tamén será de aplicación ás sociedades laborais ou cooperativas que se subrogasen en convenios de recuperación, asinados orixinariamente polas súas empresas antecesoras e o Fondo de Garantía Salarial, sempre que estas tivesen na data da sinatura o carácter de sociedade laboral ou cooperativa. En ningún caso procederá a devolución polo Fondo de Garantía Salarial das cantidades xa aboadas polas sociedades cooperativas ou laborais en cumprimento de convenios de recuperación asinados con anterioridade ao 8 de abril de 2001.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 625/1985, do 2 de abril, polo que se desenvolve a Lei 31/1984, do 2 de agosto, de protección por desemprego.*

Incorpórase un novo número 6 ao artigo 22 do Real decreto 625/1985, do 2 de abril, polo que se desenvolve a Lei 31/1984, do 2 de agosto, de protección por desemprego, coa seguinte redacción:

«6. Nos supostos de suspensión da relación laboral en virtude de expediente de regulación de emprego, ou de resolución xudicial no seo dun procedemento concursal, cando o período de suspensión se refira exclusivamente a días laborables, para os efectos do pagamento e consumo das prestacións por desemprego, co fin de computar a parte proporcional do descanso semanal, eses días laborables multiplicaranse polo coeficiente 1,25, agás no suposto de que a suspensión afecte cinco ou seis días laborables consecutivos, en que se aboarán e consumirán sete días.

O dito coeficiente aplicarase sobre o total dos días laborables do mes, sen que en ningún caso a suma dos días que vai percibir o traballador en concepto de salarios e de prestacións por desemprego poida superar os días naturais do dito mes.»

Disposición derradeira cuarta. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguranza Social. Exceptúanse do anterior as disposicións derradeiras primeira e segunda, que se ditan ao abeiro do establecido no artigo 149.1.7.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación laboral.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado no Consulado Honorario de España en Funchal o 31 de xullo de 2009.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Inmigración,
CELESTINO CORBACHO CHAVES